



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada

Materia	Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada			
Código	V01G230V01931			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Miquel Verges, Joan			
Profesorado	Fernández Pintelos, María José Hermida Ruibal, Ana Miquel Verges, Joan			
Correo-e	jmv@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aprendizaxe avanzada do uso das ferramentas informáticas necesarias para a tradución: procesadores de texto, maquetación, programas de tradución asistida por ordenador, localización de páxinas web, xestión terminolóxica, etc.			

## Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE10	Capacidade de traballo en equipo
CE11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
CE21	Rigor e seriedade no traballo
CT3	Capacidade de organización e planificación de proxectos

## Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Ser capaz de aprender con autonomía

CB1	CE10	CT1
CB2	CE11	CT3
CB3	CE16	CT3
CB4	CE17	CT4
	CE18	CT5
	CE19	CT6
	CE19	CT7
	CE21	CT8
		CT9
		CT10
		CT12
		CT13
		CT14
		CT15

## Contidos

Tema	
1. Ferramentas de asistencia á edición e a tradución.	1.1. Ferramentas para a edición de textos. 1.2. Ferramentas terminolóxicas. 1.3. Uso avanzado de ferramentas de tradución asistida por ordenador.
2. Ferramentas para a localización.	2.1. Localización de sitios web. 2.2. Localización de programas e aplicacións.

## Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	30	45	75
Resolución de problemas de forma autónoma	10	20	30
Lección maxistral	4	0	4
Actividades introductorias	4	6	10
Práctica de laboratorio	0	31	31

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Prácticas de ferramentas de TAO, localización e xestión de proxectos que se desenvolverán na aula de informática.
Resolución de problemas de forma autónoma	Prácticas autónomas de TAO, localización e xestión de proxectos.
Lección maxistral	Explicacións teóricas destinadas a introducir os principais conceptos de cada tema.
Actividades introductorias	Sesións presenciais destinadas a: 1) Presentar os contidos da materia, a planificación e a metodoloxía docentes, e o sistema de avaliación que se empregará 2) Facer un repaso dos contidos da materia Ferramentas I.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Os docentes guiarán aos alumnos na realización das prácticas.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Práctica de laboratorio	Tres prácticas sobre o primeiro bloque de edición, tradución de textos e xestión terminolóxica (20% da nota cada unha), das que o contido e as condicións quedarán especificadas en Faitic: 60% da nota	100	CB1	CE10	CT3
			CB2	CE11	
			CB3	CE17	
			CB4	CE18	
	Dúas prácticas sobre o segundo bloque de localización (20% da nota cada unha), das que o contido e condicións quedarán especificadas en Faitic: 40% da nota			CE19	
				CE21	

## Outros comentarios sobre a Avaliación

No inicio do curso, cada estudante poderá escoller entre acollerse a: 1) un sistema de avaliación progresivo e acumulativo, a

partir da resolución das encomendas prácticas e a entrega dun exercicio obrigatorio ou 2) un sistema de avaliación única cun único exame. As prácticas serán ao acabar o período lectivo asignado a cada tema. A proba de avaliación única realizarase na data que determine o calendario institucional. Constará de dúas partes: na primeira será avaliado o coñecemento dos contidos propios da materia a partir dunha batería de preguntas curtas; na segunda, na sala de ordenadores, será avaliada a pericia no uso das tecnoloxías presentadas na materia. O exame da convocatoria extraordinaria terá as mesmas características que o exame de avaliación única. Os alumnos que non aproben a materia en xaneiro presentaranse en xullo ás partes que teñan suspensas. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nese exercicio ou proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade a este respecto. A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senón tamén a súa corrección lingüística. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e de estar ao tanto das datas ns que as probas de avaliación teñen lugar.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Reineke, Detlef, **Traducción y localización. Mercado, gestión y tecnologías**, ISBN: 8496577082, 9788496577084 / SIGNATURA: FFT 82.03 TRA ylo, Las Palmas de Gran Canaria: Anroart, 2005

Cazenave, María Eugenia et al., **Manual de informática aplicada a la traducción**, ISBN 9789871763184, 9871763182 / SIGNATURA: FFT 82.03 MAN dei, Buenos Aires: CTPBA, 2016

### **Bibliografía Complementaria**

Dunne, Keiran; Elena Dunne (eds), **Translation and Localization Project Management**, ISBN: 9789027231925, 9027231923 / SIGNATURA: FFT 82.03 TRA and, Amsterdam [etc.]: John Benjamins, 2011

Esselin, Bert, **A Practical Guide to Localization**, ISBN: 1588110060, 9781588110060 / SIGNATURA: FFT 681.3 ESS pra, Amsterdam [etc.]: John Benjamins, 2000

Jiménez Crespo, Miguel A., **Translation and web localization**, ISBN: 9780415643160, 0415643163, 9780415643184, 041564318X / SIGNATURA: FFT 82.03 JIM tra, Abingdon (England) [etc.]: Routledge, 2011

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen e metodoloxías docentes que se modifican

De maneira xeral, no caso de impartición da docencia en modalidade non presencial, a actividade docente impartirase mediante Campus Remoto e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No que atinxe ao plan de continxencia sobre a modalidade mixta, en particular, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

De maneira xeral, no que atinxe ás titorías, ademais de presencialmente, as sesións de titorización poderán realizarse por

medios telemáticos (correo electrónico; videoconferencia a través de Skype, Zoom, Teams, do despacho virtual do Campus Remoto, etc.; foros de FAITIC...) baixo a modalidade de concertación previa.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos que se van impartir

En caso de ter que adoptar medidas excepcionais que afecten á presencialidade da materia, por tal como está estruturada a materia, illo non vai afectar aos contidos da mesma.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Non se require.

\* Outras modificacións

Non proceden.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non procede ningún tipo de adaptación da avaliación, agás, de ser preciso, do uso de medios telemáticos para a mesma.